

## RADIO FIN DA TERRA (traballo 72)

Púxenme a escoitar as novas do informativo aconchegando a buguina á orella. Nunca tal imaxinei, parece cousa do demo. Ata teño a pel de galiña.

- O vindeiro luns dará comezo a proba de selección para atopar remuda ao peiteador do Cristo da Barba Dourada. As persoas interesadas deberán desprazarse ata a igrexa de Santa María das Areas. Prégase lembrar a importancia de preservar esta imaxe gótica de brazos articulados á que lle medran o pelo e as unllas, parece ser que por obra de Nicodemo. Saberán que a veneración ten orixe na lenda que nos relata que o Santísimo Cristo era transportado nun barco que non conseguía avanzar e ao lanzalo ao mar, amainou a tempestade. A imaxe foi recuperada ao chegar a terra orixinando gran devoción.
- Continúa a folga de fame iniciada polos longueiróns. Dende a lonxa na que permanecen recluídos, loitan por unha mellora nas condicións da festa gastronómica e alertan sobre o aumento de empachos.
- Na pasada madrugada unha avespa velutina con sidecar foi captada por un radar de camiño ao cemiterio sen cadáveres. A construción laica e vangardista segue gozando dunhas sublimes e silenciosas vistas ao mar.
- Cormoráns pintan no mítico cabo indómito as simbólicas postas de Sol e as emocións dos lexionarios romanos e dos peregrinos. Estes cadros xunto cos das tribos celtas que erixiron alí o Ara Solis, serán expostos nunha mostra divulgativa no castelo de San Carlos.
- Informamos agora dos estraños sons que se escoitan no concello, despois de ser analizados por expertos, podemos comunicar que se trata do eco da bucina da veciña Celia Rivas Casais. Foi muller pioneira en obter o carné de condución de camións así como en participar nunha guerra como transportista.
- Unha noticia de última hora: a Orca Vella foi vista paseando polo acantilado do monte Facho, xa non rouba nin come nenos pero segue asustando á xente. Polo momento non hai datos do pastor co que se quixo enterrar. Manterémolos ao tanto deste acontecemento que desacouga a vila.
- Pasamos agora coa información metereolóxica, a pasada noite tivemos mar de ardora. O asombroso fenómeno bioluminiscente ven desta volta empacotado na música dos Diplomáticos de Monte Alto: “Inventa o fútbolín, inventa a tralla brava, Alexandre de Fisterra, moito traballa... A velas vir, a velas vir...”.
- Continuamos con este polifacético editor e inventor para pousarnos no seu fermoso naufraxio de amor ardente con Frida Kahlo. Cartas con desexos, debuxos, poemas e intercambios de confidencias moi secretas e intensas...
- Chanquete morreu!, Chanquete morreu! Non hai maior lembranza para este fisterrán que o faro

alumeando a fotografía na que aparece co seu pai, O Jurjo. Nunca a emigración deu tantas voltas polo mundo coma estes involuntarios protagonistas.

- Insistimos na presenza de Manoliño. Solicítase aos bañistas que non interactúen co golfiño que visita as nosas costas...

Esperto cos chíos das gaivotas e atópome esvacoada na praia de Langosteira. Está empardecendo, canto tempo levo botando unha soneca?